

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO das bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión definitiva do posto xefe/a de museos municipais, polo procedemento de concurso específico (expediente 46508/220).

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra número 111, do 12 de xuño de 2025, publicáronse as bases reitoras do concurso específico para a provisión do posto xefe/a de museos municipais.

Consonte o establecido na base segunda, o prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado* (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na sede electrónica do Concello de Vigo.

Vigo, 12 de xuño de 2025

O alcalde

P.D. (Resolución da Alcaldía do 28.6.2024)

María Olga Alonso Suárez

Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación,
Recursos Humanos e Formación

P.D. (Resolución da Alcaldía do 28.6.2024 e

Acordo da Xunta de Goberno Local do 28.6.2024)

Patricia Rodríguez Calviño

Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

